

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015524	CPR Plurilingüe Vilas Alborada	Santiago de Compostela	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	3º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	8
4.2. Materiais e recursos didácticos	8
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	9
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	9
6. Medidas de atención á diversidade	10
7.1. Concreción dos elementos transversais	10
7.2. Actividades complementarias	11
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	11
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	13
9. Outros apartados	13

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 3º curso de Educación Primaria, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias clave e o traballo de elementos transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado. Esta materia configurarase neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais e nela buscarase a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun CEIP situado na zona vella de Santiago de Compostela.

O grupo seleccionado de 3º EP, está composto por 24 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 7 e os 8 anos.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Coa mesa posta	Esta UD xira arredor do consumo e da alimentación. Faremos unha comparativa de diferentes dietas do mundo centrándonos na cesta da compra. Como produto final elaboraremos un menú/degustación de platos saudables do mundo, prestando especial atención ao seu valor nutricional.	30	11	X		
2	Un espazo propio	Esta UD está centrada no medioambiente e na mellora da contorna do colexio. Realizarase unha intervención co fin de deseñar/crear un espazo amigable. O produto final será a elaboración dunha maqueta con material reciclado que recolla as diferentes propostas do alumnado.	35	12		X	
3	Benvidas?	Nesta UD traballaremos as plantas (árbores, herbas e arbustos). A partir da observación das plantas da contorna, investigaremos tanto as autóctonas como as exóticas/invasoras (orixe, uso, adaptación ao medio, consecuencias da súa presenza nos ecosistemas...) O produto final será unha exposición fotográfica (en diferentes espazos) conmemorando o Día do Medio Ambiente.	35	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Coa mesa posta	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia do tema escollido.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar os recursos e materiais previstos.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver con certa autonomía as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o proxecto ou produtos finais obtidos.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal que axude a mellorar a expresividade e eficacia do discurso.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
2	Un espazo propio	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia do tema do proxecto.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar e seleccionar a información que se precisa.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización para a execución do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento do proxecto e propoñer posibles solucións.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o proxecto ou os produtos finais obtidos.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal que axude a mellorar a expresividade e eficacia do discurso.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal que mellore a expresividade e eficacia do discurso.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles.

Contidos

- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
3	Benvidas?	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia do tema do proxecto.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar e seleccionar a información que se precisa.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Prever as incidencias que se poidan producir no proxecto e propoñer posibles solucións.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar os recursos e materiais previstos.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver con certa autonomía as incidencias xurdidas durante a execución do proxecto.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar a o proxecto ou os produtos finais.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal axeitada.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levaranse a cabo tres proxectos, un por trimestre. No primeiro trimestre realizaremos o proxecto: "Coa mesa posta!", no segundo "Un espazo propio!!!", e no terceiro "Benvidas?"

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os distintos tipos de coñecementos.

Os proxectos serán realizados en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, explícase a maneira na que se levarán a cabo cada un dos tres proxectos e a finalidade de cada un. Faranse tamén as concrecións pertinentes ao comenzo de cada trimestre.

Establecerase un plan de traballo, planificando tarefas, tempos, recursos e materiais que se van empregar.

Ao final de cada trimestre levarase a cabo a exposición de cada proxecto.

Nestes proxectos, trabállanse todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Ciencias Sociais (espazos urbanos, gráficas, planos...)
- Ciencias Naturais (o mundo das plantas, os ecosistemas...)
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación dos proxectos)
- Matemáticas (medidas, porcentaxes, prezos...)

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Caderno de campo
Recursos dixitais

Recursos materiais: lupas, cámaras, planos e mapas, compás...
Biblioteca
Contorna
Familia

O espazo habitual no que se desenvolverán os proxectos será a aula convenientemente equipada cun encerado dixital, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará posibles cambios na súa distribución para o traballo grupal.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial partirá da observación e valoración de grupo-clase de cara a proposta dos diferentes proxectos así como os seus intereses e participación.

O obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para organizar as actividades, sendo posible o seu desenvolvemento internivel, xa que o Proxecto Competencial se desenvolve nos tres ciclos de primaria.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	35	35	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

- Traballo individual e cooperativo: 40%
- Organización das tarefas.
 - Investigación e recollida de información.
 - Presentación dos proxectos.
- Actitude: 60%
- Respeto polas normas de aula e centro.
 - Esfuerzo.
 - Interese e participación nos proxectos.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar tarefas específicas e pautadas para traballar diferentes aspectos relacionados con este proxecto.

A nota calcularase empregando unha rúbrica na que se recollen e avalían distintos aspectos tales como presentación da tarefa, orde, limpeza...

6. Medidas de atención á diversidade

Prestaremos especial atención ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo facilitando tanto a súa participación como o desempeño do seu rol nos proxectos.

Por outra banda, tamén incluiremos propostas de actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Serán actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia Dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da Creatividade, do Espírito Crítico e Científico	X	X	X
ET.6 - Horto escolar	X		X
ET.7 - Saídas pola contorna	X	X	X
ET.8 - Roteiros pola cidade	X	X	X
ET.9 - Escola Galega de Consumo	X		
ET.10 - CiPX		X	X
ET.11 - Visita a un supermercado	X		

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a prevención de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación na semana cultural.	Difusión informativa dos proxectos.			X
Exposición e presentacións dos proxectos.	Exposición dos proxectos en diferentes espazos.	X	X	X
Saídas pola contorna.	Observación e investigación de elementos naturais e urbanos da contorna. Horto escolar.		X	X
Charlas e talleres formativos.	A través de videochamadas ou presencialmente, a cargo tanto das familias como de profesionais de distintos ámbitos.		X	X
Saídas culturais	Visitas a bibliotecas, exposicións e museos.	X	X	X
Conmemoracións e propostas do Concello /organizacións socioculturais	Recollidas no calendario escolar como poden ser : o Día da Paz, Día Universal da Infancia, Día dos Dereitos do Consumidor, Día contra o acoso escolar...	X	X	X

Observacións:

Todas as actividades complementarias pretenden ser integradoras, coeducativas, interdisciplinares, motivadoras e fomentar tanto a igualdade de xénero como a igualdade de oportunidades, a convivencia, a tolerancia e o respecto.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Establezo relacións entre os coñecementos previos e novos, relacionando os contidos con situacións de aprendizaxe competencial e significativos.
Os obxectivos, contidos e estándares de aprendizaxes son axeitados ás características do grupo.
Os estándares de aprendizaxe seleccionados permítenme valorar o grao de aprendizaxe acadado.

Uso os criterios de cualificación acordados.
Os contidos traballados cumpren os principios de globalidade
Metodoloxía empregada
As unidades didácticas ríxense por unha temporalización flexible.
A metodoloxía empregada axústase as necesidades e intereses do alumnado.
A metodoloxía é axeitada para acadar as aprendizaxes propostas.
O desenvolvemento das actividades favorece a autonomía do alumnado.
Reflexiono, avalío e adapto a miña labor docente e tarefas durante o desenvolvemento da mesma.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Informo, de maneira clara, e motivo ao alumnado, comunicándolles os obxectivos a conseguir e a finalidade das actividades
A organización grupal favorece o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe.
Uso recursos diversos e adaptados ás necesidades e intereses do alumnado.
A organización permite a atención individualizada.
Incorporo e uso habitualmente ferramentas dixitais e internet nas tarefas propostas.
Medidas de atención á diversidade
Resolvo as dúbidas e reforzo as aprendizaxes nos casos precisos.
Utilizo ferramentas de avaliación variadas que permiten adaptarse as diferentes situacións de aprendizaxe.
Clima de traballo na aula
Creo un clima que fomente o diálogo, a participación activa, a empatía na aula, onde uso o reforzo positivo.
Implico ao alumnado nas tarefas de aprendizaxe, favorecendo a participación activa.

Descrición:

Estes serán os ítems da autoavaliación docente que levaremos a cabo.

En canto a avaliación do alumnado os ítems organizanse do seguinte xeito:

1. Como traballamos:

- Entendo ao profesor/a cando explica.
- As explicacións parécenme amenas.
- O profesor/a explica só do libro.
- Emprega outros recursos ademais do libro.
- Pregunto o que non entendo.
- Realizamos tarefas de grupo.
- Utilizamos espazos diferentes á aula.

2. Como son as actividades:

- As preguntas correspóndense coas explicacións.
- As actividades corríxense na clase.
- As actividades en xeral, son atractivas e participativas.
- En ocasións teño que consultar outras fontes de información.
- Mándanme demasiadas actividades.

3. Como é a avaliación:

- As preguntas dos controis están claras.
- O que me preguntan traballouse na clase.
- Teño tempo suficiente para contestar as preguntas.
- Fago demasiados controis.
- Os controis sérveme para comprobar o que aprendín.
- Participo na súa corrección.
- Os controis compróbanse logo na clase.
- Valórase o meu comportamento na clase.
- Teñen en conta o meu traballo diario en clase.
- Creo que, en xeral, a valoración do meu traballo é xusta.

4. Como é o ambiente da clase nesta materia:

- Nesta clase hai bo ambiente para aprender.
- Gústame participar nas actividades de grupo.
- Lévome ben cos meus compañeiros/as.
- Nesta clase síntome rexeitado/a.
- O trato entre nós é respectuoso.
- Síntome respetado polo profesorado.
- Os conflitos resólvense entre todxs.
- En xeral, síntome a gusto na clase.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

9. Outros apartados